

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

12043 *Orde APM/1007/2017, do 10 de outubro, sobre normas xerais de valorización de materiais naturais escavados para a súa utilización en operacións de recheo e obras distintas daquelas en que se xeraron.*

Até a aprobación da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, a utilización de residuos de materiais consistentes en solos non contaminados escavados e outros materiais naturais escavados en actividades de construción, cando se destinaban a obras distintas a aquelas en que se xeraron, non estaba recollida especificamente no articulado da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

O Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, estableceu no seu artigo 3.1.a) que as terras e pedras non contaminadas por substancias perigosas utilizadas na mesma obra, nunha obra distinta ou nunha actividade de restauración, acondicionamento ou recheo se exceptuaban do seu ámbito de aplicación, sempre e cando se puidese acreditar de forma fidedigna o seu destino á reutilización.

En caso de que non se puidese acreditar de forma fidedigna que o destino dos residuos de construción e demolición fose algunha das operacións mencionadas no artigo 3.1.a) do Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, trataríase dunha operación de valorización ou de eliminación de residuos, ás cales se aplicaríase o establecido na normativa de residuos, en particular o artigo 8 do Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, no caso de valorización, e o Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, no caso de eliminación.

O artigo 2.1.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, en transposición do artigo 2.1.c) da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas, establece que a mencionada lei non será de aplicación aos solos non contaminados escavados e outros materiais naturais escavados durante as actividades de construción, cando se teña a certeza de que estes materiais se utilizarán con fins de construción no seu estado natural no lugar ou na obra onde foron extraídos.

O artigo 27 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, somete as instalacións onde se vaian desenvolver operacións de tratamento de residuos ao réxime de autorización por parte do órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde están situadas. Por outra parte, as persoas físicas ou xurídicas que pretendan realizar unha operación de tratamento de residuos deberán obter autorización do órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde teñan o seu domicilio, que será válida para todo o territorio español.

Por outra banda, o artigo 28 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, prevé que poidan quedar exentas de autorización as persoas físicas ou xurídicas que valoricen residuos non perigosos, se se establecen con respecto a cada tipo de actividade normas xerais que especifiquen os tipos e as cantidades de residuos a que se poderá aplicar esa exención, así como os métodos de tratamento que se deben empregar. Estas normas deberán garantir que o tratamento do residuo se realizará sen pór en perigo a saúde das persoas e sen danar o ambiente.

Do anterior pódese deducir que estes materiais naturais escavados, cando se destinen a operacións de recheo e obras distintas a aquelas en que se xeraron, sufriron un cambio de réxime xurídico a partir da publicación da Lei 22/2011, do 28 de xullo. Por todo isto, aplicando o artigo 8 do principio de xerarquía de residuos e o artigo 28 de exencións dos requisitos de autorización da Lei 22/2011, do 28 de xullo, preténdese con esta orde permitir a utilización destes materiais en obras de construción distintas a aquelas en que se

xeraron e en operacións de recheo, sen necesidade de que se solicite autorización dun xestor de residuos por parte das persoas físicas ou xurídicas que levarán a cabo as citadas operacións de valorización.

En liña cos principios e obxectivos da Lei 22/2011, do 28 de xullo, mediante esta orde ministerial preténdese establecer uns requisitos proporcionados ao risco ambiental que dos materiais naturais escavados poida derivar e asegurar que se preveñen os efectos negativos sobre a saúde das persoas e o ambiente. Así mesmo, a aplicación desta orde contribúe ao aforro e á eficiencia no uso dos recursos naturais e facilita a súa valorización cando se destinen a unha operación de recheo ou a unha obra distinta a aquelas en que se xeraron.

En definitiva, a través desta orde regúlase a utilización de residuos de obras de construción e demolición consistentes en materiais naturais que se xeren como excedentes das escavacións necesarias para a execución estrita das obras e que sexan non perigosos e non contaminados, tales como terras, arxilas, limos, areas, gravas ou pedras, en operacións de recheo e en obras distintas a aquelas en que se xeraron. Estes materiais cumpriran os requisitos técnicos propios da obra de destino nos termos en que quede previsto no prego de condicións técnicas do proxecto da mencionada obra de destino e nas previstas na comunicación que se presente ante a comunidade autónoma, de maneira que estas características técnicas dos materiais poidan estar adaptadas ao tipo de obra de destino. Estas obras poden ser tanto de natureza pública coma privada e poden ser de grande envergadura ou de pequena dimensión, de infraestruturas, de carácter residencial, industrial, portuario, comercial, etcétera.

Esta orde está integrada por seis artigos, dúas disposicións transitorias, dúas disposicións derradeiras e tres anexos. Os artigos 1 e 2 están destinados ao obxecto e ao ámbito de aplicación da orde. No ámbito de aplicación inclúese a utilización dos materiais naturais escavados, en substitución doutros materiais que cumpran a mesma función, en obras de construción e en operacións de recheo, consistentes as primeiras nunha parte na colmataxe de ocos con fins construtivos, así como na construción de obras de terra: recheos portuarios, terrapléns, pedrapléns, recheos todo-un e recheos localizados. A inclusión destas obras de terra é importante polos grandes volumes dos materiais e a frecuencia con que se utilizan con este destino; desta maneira trátase de contribuír a un uso sustentable dos recursos naturais. En canto ás operacións de recheo, engloba diferentes operacións como a rehabilitación do terreo afectado polas actividades das industrias extractivas, a restauración de espazos degradados, así como os acondicionamentos de camiños ou de vías pecuarias.

O artigo 3 está dedicado aos requisitos relativos aos materiais naturais escavados. Estes requisitos refírense tanto á cantidade máxima que se vai escavar como a que se vai valorizar, así como aos requisitos de calidade que deben cumprir. Este artigo permite unicamente a clasificación destes materiais. O artigo 4 desenvolve as obrigacións do produtor ou posuidor inicial dos materiais naturais escavados, o cal debe asegurar á persoa física ou xurídica que realiza a valorización destes materiais, mediante unha declaración responsable, que estes están incluídos no ámbito de aplicación desta orde, é dicir, que se trata de materiais naturais escavados, que non están mesturados con outros materiais nin soportaron ningunha actividade potencialmente contaminante ou que se teñan indicios de que o solo poida estar contaminado. O artigo 5 contén as obrigacións das entidades ou empresas que realizan as actividades de valorización dos materiais naturais escavados, entre as cales se encontran: presentaren as persoas físicas ou xurídicas que leven a cabo a valorización unha comunicación ante o órgano ambiental competente da comunidade autónoma, segundo o especificado no anexo I; a comprobación de que os materiais que van valorizar son exclusivamente materiais naturais escavados; asegurar, mediante unha declaración responsable que, en caso de ser necesario un almacenamento destes materiais, este non superará os dous anos de duración; dispor dun arquivo físico ou telemático en que se recollerán por orde cronolóxica, con indicación da data de recepción, da cantidade e da natureza dos residuos valorizados, a súa orixe, a entidade ou empresa que realizou a entrega e o medio de transporte; e presentar, como máximo un

mes despois das operacións de valorización, un resumo das actividades realizadas polas persoas físicas ou xurídicas que emitiron a comunicación anteriormente mencionada ante o mesmo órgano que recibiu a comunicación, segundo o contido reflectido no anexo II. Este artigo tamén recolle a aplicación do Real decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado, aos traslados entre as obras de orixe dos materiais naturais escavados e as de destino.

Finalmente, o artigo 6 establece os requisitos de responsabilidade, vixilancia, inspección, control e réxime sancionador, mediante a súa remisión ao título VII da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do artigo 28 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, que faculta o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para que, mediante orde ministerial, aprobe as normas xerais en relación coa exención de autorización prevista no dito artigo.

En canto ao fundamento competencial desta norma, esta orde ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, conforme o disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución.

A presente norma, polo tanto, garante os principios de necesidade e eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, atendendo ás circunstancias descritas e á tramitación seguida.

Na elaboración desta orde ministerial foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais e os sectores máis representativos potencialmente afectados. Ademais, o proxecto analizouse na Comisión de coordinación en materia de residuos, someteuse ao Consello Asesor do Medio Ambiente e ao trámite de participación pública, de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, e co disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde establece as normas xerais de valorización dos residuos non perigosos consistentes en solos non contaminados escavados e outros materiais naturais escavados procedentes de obras de construción ou de demolición que se xeran como excedentes para a execución estrita da obra, e que se destinan a operacións de recheo e a outras obras distintas daquelas en que se xeraron.

2. Cando se cumpran estas normas xerais, quedarán exentas de autorización as persoas físicas ou xurídicas que leven a cabo a valorización destes residuos, en aplicación das previsións do artigo 28 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta orde é de aplicación aos residuos non perigosos consistentes en solos non contaminados escavados e outros materiais naturais escavados procedentes de obras de construción ou demolición, tales como terras, arxilas, limos, areas, gravas ou pedras, incluídas no código LER (Lista europea de residuos) 17 05 04 (en diante, «materiais naturais escavados»).

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación da presente orde os materiais naturais mencionados no número 1 cando:

a) Ao escavar se encontren mesturados con outros materiais ou obxectos distintos aos materiais naturais, tales como restos de formigón, materiais cerámicos, metais, plásticos, madeiras, etc., ou

b) procedan de solos que soportasen algunha das actividades potencialmente contaminantes definidas no Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, así como cando se teñan indicios de que o solo poida estar contaminado.

3. Entenderase por obras de construción ou demolición as definidas no artigo 2.c) do Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e a xestión dos residuos de construción e demolición.

4. Estes materiais só se poderán utilizar, para os efectos desta orde, en operacións de valorización en substitución doutros materiais que non sexan residuos que cumpran a mesma función en:

a) Obras de construción, consistentes na colmataxe de zonas ou de ocios dun lugar co fin de mellorar o terreo para o exercicio das súas funcións en actividades construtivas, tales como obras de urbanización ou outras similares. Esta definición inclúe a construción de obras de terra como terrapléns, recheos portuarios e outros similares.

b) Operacións de recheo, cuxo obxecto é a utilización de residuos idóneos con fins de rehabilitación do terreo afectado polas actividades das industrias extractivas, restauración de espazos degradados, acondicionamentos de camiños ou vías pecuarias.

5. Cando as operacións de valorización mencionadas no número anterior, en virtude doutra lexislación específica, estean sometidas ao cumprimento doutros requisitos ou doutros trámites administrativos, esta orde non as exime do seu cumprimento.

Artigo 3. *Requisitos relativos aos materiais naturais escavados.*

1. A cantidade máxima escavada non poderá ser superior á xustificada nos proxectos de orixe.

2. A cantidade máxima dos materiais naturais escavados para aplicar esta orde será a que estea xustificada nos proxectos de destino.

3. Os materiais naturais escavados só se poderán clasificar segundo a súa natureza e segundo a súa granulometría, cando proceda.

4. Os materiais naturais escavados non se mesturarán con outros residuos distintos ou con substancias que poidan contaminalos, tanto durante a execución da escavación como durante as operacións posteriores de clasificación e transporte até a súa entrega á persoa física ou xurídica que levará a cabo a valorización no lugar que se vaian utilizar.

5. Os materiais naturais escavados deberán cumprir os requisitos establecidos nos pregos de condicións técnicas do proxecto das obras de destino. Así mesmo, cumpriran as condicións ou os requisitos que, de ser o caso, sexan impostos nas correspondentes autorizacións administrativas.

Artigo 4. *Obrigacións do produtor ou posuidor inicial dos materiais naturais escavados.*

1. Entenderase por produtor e posuidor inicial dos materiais naturais escavados os definidos nos artigos 3.i) e 3.j), respectivamente, da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

2. O produtor ou posuidor inicial dos materiais naturais escavados estará obrigado a entregalos a unha entidade ou empresa rexistrada de conformidade co establecido no artigo 5 desta orde ou a xestionalos de conformidade co establecido no artigo 17.1.a) e 17.1.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

3. En ambos os casos, a entrega dos materiais naturais escavados por parte dos produtores ou posuidores iniciais deberase acreditar documentalmente. No documento constará, ao menos, a identificación do produtor ou posuidor, a obra de procedencia, a cantidade, expresada en toneladas, a natureza dos materiais entregados, así como a identificación das persoas físicas ou xurídicas que realizarán a valorización e a obra de destino, en coherencia co previsto no artigo 17.1, último parágrafo, da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

4. No caso de que os materiais naturais escavados se entreguen a unha entidade ou empresa rexistrada de conformidade co establecido no artigo 5 desta orde, a responsabilidade dos produtores ou outros posuidores iniciais destes materiais conclúe cando se realice a dita entrega. A documentación acreditativa da entrega deberase conservar, durante ao menos os tres anos seguintes, en coherencia co previsto no artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

5. O produtor ou posuidor inicial deberalle asegurar á persoa física ou xurídica que vai realizar a operación de valorización que os materiais naturais escavados cumpren o establecido no artigo 2, números 1 e 2, mediante unha declaración responsable cuxo modelo figura no anexo III.A.

6. O produtor ou posuidor inicial dos materiais naturais escavados, se xera máis de 1.000 toneladas ao ano de residuos non perigosos, deberá presentar unha comunicación ante o órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde se xeraron, de conformidade co establecido no artigo 29.1.a) da Lei 22/2011, do 28 de xullo. Así mesmo, disporá do arquivo cronolóxico, de conformidade co artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

Artigo 5. *Obrigacións das entidades ou empresas que realizan as actividades de valorización de materiais naturais escavados.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que leven a cabo a utilización de materiais naturais escavados procedentes doutras obras nas operacións de valorización mencionadas no artigo 2.4 deberán:

a) Presentar unha comunicación previa ao inicio da actividade, ante o órgano ambiental competente da comunidade autónoma onde estea situado o lugar en que se levará a cabo a operación de valorización, en aplicación do previsto no artigo 29.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo. O contido da comunicación será o especificado no anexo I e esa comunicación incorporárase ao Rexistro de Produción e Xestión de Residuos, en aplicación do artigo 39 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

b) Comprobar que os materiais que van valorizar son exclusivamente materiais naturais escavados e que cumpren os requisitos establecidos no artigo 3.

c) Asegurar que, cando sexa necesario almacenar na obra ou no lugar de operación de recheo de destino os materiais naturais escavados, este almacenamento non será superior a dous anos, mediante unha declaración responsable cuxo modelo figura no anexo III.B.

d) Asegurar que o espazo utilizado para o almacenamento de materiais naturais escavados deberá quedar no seu estado orixinario antes desta operación. No caso de que, tras a operación de valorización, exista un excedente de material natural escavado, as persoas físicas ou xurídicas responsables da valorización deberán retirar este material como se indica no artigo 4.2.

Se en dous anos non se produciu a operación de valorización dos materiais naturais escavados almacenados, aplicaráselle o artigo 54 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, sen prexuízo da sanción que se puiden impor.

e) Dispor, en aplicación do artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, dun arquivo cronolóxico, físico ou informático, en que se recollerá, por orde cronolóxica con indicación da data de recepción, da cantidade e da natureza de residuos valorizados, a identificación da orixe dos residuos (obra de procedencia), a obra de destino, así como a entidade ou empresa que realizou a entrega, o medio de transporte e a frecuencia de recollida. A información arquivada gardarase durante, ao menos, tres anos e estará á disposición das autoridades públicas para efectos de vixilancia, inspección e control.

f) Presentar, como máximo un mes despois da finalización das operacións de valorización, un resumo da súa actividade ao órgano que recibiu a comunicación. O contido deste resumo será o que figura no anexo II.

2. No que se refire ao transporte dos materiais naturais escavados da obra de orixe á de destino, será de aplicación o establecido no Real decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.

Artigo 6. *Responsabilidade, vixilancia, inspección, control e réxime sancionador.*

O réxime de responsabilidade, vixilancia, inspección, control e o réxime sancionador para asegurar o cumprimento desta orde serán os establecidos no título VII da Lei 22/2011, do 28 de xullo; todo iso sen detrimento doutros réximes sancionadores establecidos noutras normas aplicables nas actividades que se vaian realizar.

Disposición transitoria primeira. *Réxime aplicable ás obras con proxecto aprobado ou presentado.*

Esta orde non se aplicará ás obras ou operacións de recheo en que se realice algunha das operacións de valorización previstas no artigo 2.4 e que se encontren en execución no momento da entrada en vigor desta orde, sempre que tales operacións finalicen no prazo máximo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Adopción das medidas autonómicas necesarias para a aplicación desta orde.*

Antes de que transcorra o prazo de entrada en vigor previsto na disposición derradeira segunda, as comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias para a aplicación efectiva do establecido nesta orde ministerial.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día 2 de xaneiro de 2018.

Madrid, 10 de outubro de 2017.— A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.

ANEXO I

Contido da comunicación das persoas físicas ou xurídicas que prevexan valorizar materiais naturais escavados en operacións de recheo e obras distintas a aquelas en que se xeraron

O contido da comunicación que as persoas físicas ou xurídicas que van realizar as operacións de valorización deben presentar ante o órgano competente ambiental da comunidade autónoma será o seguinte:

a) Información sobre a empresa que leva a cabo as actividades recollidas no artigo 2.4:

1. Identificación das persoas físicas ou xurídicas que levarán a cabo as operacións de valorización dos materiais naturais escavados, incluído o correspondente código CNAE «Clasificación nacional de actividades económicas».

2. Identificación e descrición das operacións de valorización que se van realizar mencionadas no artigo 2.4.

3. Código LER 17 05 04 correspondente a estes residuos, con indicación do tipo concreto dos materiais naturais escavados de que, en cada caso, se trate (terras, arxilas, limos, areas, gravas ou pedras).

b) Información sobre o destino dos materiais:

1. Identificación da persoa física ou xurídica propietaria do lugar en que se valorizarán os materiais naturais escavados.
2. Localización da obra onde se levarán a cabo as operacións de valorización mediante coordenadas UTM.
3. Estimación da cantidade total de materiais naturais escavados, en toneladas e en metros cúbicos, que se pretenden valorizar.
4. De ser o caso, almacenamentos temporais previstos na obra ou operación de recheo de destino para os materiais naturais escavados que se vaian valorizar. Indicaranse o número, o lugar e o volume de cada un deles e incluírase unha declaración responsable (anexo III.B) das persoas físicas ou xurídicas que levarán a cabo as operacións de valorización dos materiais naturais escavados, onde se asegure que o almacenamento destes materiais non superará os dous anos de duración.

c) Documentación complementaria:

1. Copia da autorización, permiso ou licenza da obra, en que se levará a cabo a valorización dos materiais naturais escavados, en virtude da lexislación aplicable ou, de ser o caso, copia do documento mediante o cal se acredite a adxudicación da obra.
2. Copia da declaración responsable do produtor ou posuidor inicial (anexo III.A) que asegure que os materiais naturais escavados cumpren o establecido no artigo 2, números 1 e 2, desta orde.

ANEXO II

Contido do resumo da actividade das persoas físicas ou xurídicas que levaron a cabo as operacións de valorización dos materiais naturais escavados

Identificación da persoa física ou xurídica que valoriza									
Nome/razón social					NIF				
Operación de valorización ⁽¹⁾									
Natureza do residuo ⁽²⁾ (LER 17 05 04)	Cantidade		Orixe				Destino		
	Toneladas	m ³	Produtor ⁽³⁾	Posuidor ⁽⁴⁾	Coord. UTM/ NIMA ⁽⁵⁾	Data de recepción	Titular ⁽⁶⁾	Coord. UTM/ NIMA ⁽⁷⁾	Data de fin da valorización

(1) Tipo de obra ou operación de recheo onde se empregaron os materiais naturais escavados conforme o artigo 2.4.

(2) Indíquese se se trata de terras, arxilas, limos, areas, gravas ou pedras.

(3) Identificación da persoa física ou xurídica cuxa actividade produza materiais naturais escavados.

(4) O produtor de residuos ou outra persoa física ou xurídica posuidora dos materiais naturais escavados.

(5) Coordenadas UTM ou NIMA da obra de orixe dos materiais naturais escavados.

(6) Identificación da persoa física ou xurídica propietaria dos lugares onde foron utilizados os materiais naturais escavados.

(7) Coordenadas UTM ou NIMA dos lugares onde foron utilizados os materiais naturais escavados.

ANEXO III

A. Modelo de declaración responsable do produtor ou posuidor inicial dos materiais naturais escavados

D./D.^a con DNI,
en calidade de representante legal da entidade,
con NIF

DECLARA

Que a dita entidade, como resultado da execución estrita da obra,
....., obtivo un excedente de materiais naturais escavados.

Que estes materiais cumpren co establecido no artigo 2, números 1 e 2, da Orde ministerial sobre normas xerais de valorización de materiais naturais escavados para a súa utilización en operacións de recheo e obras distintas a aquelas en que se xeraron.

Que estes materiais serán entregados á entidade
con NIF, para a realización dalgunha das operacións contidas no artigo 2.4 da orde ministerial anterior.

(Lugar), (data).

(Sinatura do representante legal e selo da entidade)

Asdo.:

B. Modelo de declaración responsable da entidade que realiza a valorización (almacenamentos temporais)

D./D.^a con DNI,
en calidade de representante legal da entidade,
con NIF

DECLARA

Que a dita entidade recibiu materiais naturais escavados para realizar operacións de valorización nos lugares que se detallan no contido da comunicación.

Que para realizar estas operacións de valorización cómpre almacenar temporalmente estes materiais.

Que o almacenamento destes materiais en ningún caso superará os dous anos de duración.

(Lugar), (data).

(Sinatura do representante legal e selo da entidade)

Asdo.: